

01.- PRESENTACIÓN

Un animal: o meu can
De comida : un cruasán
Unha cidade : vivir en Santiago
O rosa a miña cor
Do campo calquera flor
Do cole estar todo o día cantando

Agora tócache a ti
Xogar, inventar e dicir
Agora toca falar
Xogar, inventar e cantar

Un animal: o cabalo
De comida : polo asado
Unha cidade Monforte de Lemos
O verde a miña cor
Do campo só a coliflor
Do cole o 17 de maio.

Agora tócache a ti
Xogar, inventar e dicir
Agora toca falar
Xogar, inventar e cantar

Gloria M. Roel (Bicos de música 2012)
Inventar unha estrofa de presentación
para cada un

02.- Conto: En busca del beso

Cando as luces se apagan
cando o sono vai chegar
o mellor de cada noite
son os bicos que me dan.

E se no meu soño hai lobos
que non paran de ouvear
eu non sinto ningún medo, non,
cos meus bicos calarán.

Cando as luces de apagan ...

E se no meu soño hai monstros
que non queren marchar
eu non sinto ningún medo, non,
cos meus bicos calarán.

03.-RIS, RAS

Ris, ras
pum, pum
toca, toca
dun en nun

Cu cu
toc toc
peta forte
no tambor

Pum, pum
ris, ras
moi baixiño
tocarás

Triqui traque
triqui tron
que ben soa
o meu tambor

Música: Gloria M. Roel (2010)

canCIÓN para tocar instrumentos.
Tocamos na parte de música (turutas
+percusión)

04.- O SAMAÍN

HOXE CELEBRAMOS O SAMAÍN
QUE NOUTROS SITIOS
LLE CHAMAN HALLOWEEN

TUMBA POR AQUÍ
TUMBA POR ALÁ
TUMBA, TUMBA
UHA, HA, HA, HA, HA ...

OS DEVANCEIROS
NOS TEMPOS DE ANTES
POÑÍAN NAS SÚAS PORTAS
CAVEIRAS DE XIGANTES

TUMBA ...

CANDO SE ACHEGA O SAMAÍN
PONSE TODO ESCURO
O VERÁN TEN Ó SEU FIN.

TUMBA ...

OS ESQUELETES
PÓÑENSE A BAILAR,
COAS SÚAS CAVEIRAS
VANNOS ASUSTAR.

TUMBA...

HOXE POLA NOITE,
VASTE DECATAR,
CANDO Á TÚA PORTA
VAIAN A PETAR.

TUMBA...

NON NOS METEN MEDO,
ANQUE TEÑAN PELO,
NON NOS METEN, NON,
FIXÉMOLAS NÓS.

TUMBA...

POR PRIMEIRA VEZ
NA NOSA ESCOLA,
TEMOS SAMAÍN,
ISTO SI QUE MOLA

TUMBA ...

05.-ESTE TREN

Este tren
Vai pola via
Vai pola via
Este tren
Vai pola via
Vai pola via ben

Este tren
Vai saudando
Vai saudando
Vaia saudando
Este tren
Vai saudando
Todos se fixan nel

Este tren
Non fai ruído
Non fai ruído
Non fai ruído
Este tren
Non fai ruído
Vai pola via ben

Este tren
Colle mil curvas
Colle mil curvas
Colle mil curvas
Este tren
Colle mil curvas
Vai pola vía ben

Este tren
Corre que corre

..

Este tren
Colle mil baches

...

Este tren
Vai despaciño

...

Letra e música Gloria M. Roel

Vídeo:

O Danubio azul. Infantil 6ºB
Minueto de Bocherini
Baton Lalenga
Chopin (tubos sonoros)

01.-OLA!!!!!!
Ola, xa estou na escola
coa xente toda quero cantar
Ola, que xa é hora
de ir empezando o cole xa

Ola Lucas
Ola Brais
Ola Xiana
Ola Xián
Ola Aldara
Ola láaaaa
Ola, ola
lááá.....

Ola, xa estou na escola
o meu abrigo na percha está
ola, como me mola
cantar na alfombra, para empezar

Ola Lucas
Ola Brais
Ola Xiana
Ola Xián
Ola Aldara
Ola láaaaa
Ola, ola
lááá.....

Letra e música: Gloria M. Roel
Outubro 2012

02.- Conto. A primavera/A granxa de
Pepiño

3.- A MIÑA TÍA
(versión dunha canción infantil)

Eu teño unha tía
que vive en Brión
que cando está contenta
toca o saxofón

ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ

Eu teño unha tía
que vive por Arzúa
que vai tocando a gaita
paseando pola rúa

ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ

Eu teño unha tía
que vive en Boqueixón
que cando está contenta
canta unha canción

ASÍ FAI CANDO CANTA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO CANTA
CANDO TOCA FAI ASI

Eu teño unha tía
que vive en Guitiriz
que cando vai ao fútbol
canta moi feliz.

ASÍ FAI CANDO CANTA
....

04.- AS CORES

Amarelo, amarelo
amarelo é así
as que teñan
amarelo que se poñan
por aquí

Vermelliño, de vermello
seguro que algunha vai
as que teñan o vermello
que levanten unha man

O azul a cor do ceo
tamén é a cor do mar
as que leven algo azul
que se collan pola man

é o verde a cor do prados
das montañas e do val
as que teñan algo verde
teráanse que levantar

miles de cores temos ao redor
verde, amarelo, azul ou marrón

(Gloria M. Roel 2010)

05.- FAGO PALMAS

Fago palmas mentras canto
Fago palmas ao cantar
Soan soan forte forte
E baixiño soarán
Salto salto mentras canto
Salto salto ao cantar
soa soa forte forte
E baixiño soará
Ando ando mentras canto
Ando ando ao cantar
Soa soa forte forte
E baixiño soará

(Gloria MR 2010)

06.- VOU NA FILA

VOU NA FILA, FILA, FILA
VOU NA FILA, FILA, FON
PASENIÑO, NIÑO, NIÑO
PASENIÑO, NIÑO, ÑÓN

Gloria M. Roel

07.- OS ELEFANTES

OS ELEFANTES VAN CARA ADIANTE
MOI DESPACIÑO POLO CAMIÑO
E CANDO PARAN MÓVENSE ASÍ
ABANEANDO O SEU NARIZ.

Gloria M. Roel

08.- A GARDAR

A GARDAR, A GARDAR
CADA COUSA NO SEU LUGAR (bis)

ISO ALÍ, ISO ALÁ
AS COUSIÑAS XA SEI GARDAR

SEI GARDAR, SEI GARDAR
CADA COUSA NO SEU LUGAR.

09.- UN LONGUEIRÓN

UN LONGUEIRÓN
QUERÍA IR DE VIAXE
ATA XAPÓN
PARA MERCAR XABRÓN
E ASÍ LIMPAR
AS SÚAS DÚAS CUNCHAS
DO ALCATRÁN
QUE UN BARCO LLE BOTOU
AO NAUFRAGAR
POR MOR DUNHAS ROCHAS
ALÁ SE FOI
E TODO O MANCHOU
O LONGUEIRÓN
QUE ERA MOI VALENTE
FOI A XAPÓN
PARA MERCAR XABRÓN

Letra e música: Tomi López

Canción con xestos

10.- Panxoliña dos ratos

Durme, meu ratiño, durme,
durme que che hei de traer
un dente novo de neno
para que rilles con el..
Para o turrón duro,
para o turrón brando,
abelás, piñóns
e máis figos pasos.
Améndoas moi doces,
castañas e pipas,
melindres e nocés,
e mais figos pasos.
Durme, meu ratiño, durme,
durme que xa son as doce.
Durme, meu ratiño, durme,
durme que aí vén *Ratimago*
Cun dente novo de neno
que trae gardado nun saco...
Para o turrón duro,
para o turrón brando,
abelás, piñóns
e máis figos pasos.
Améndoas moi doces,
castañas e pipas,
melindres e nocés,
e mais figos pasos.
Durme, durme, meu ratiño
no meu colo de sabores.
Durme, meu ratiño, durme,
durme que xa son as doce.

Letra: Gloria Sánchez
Música: Gloria M. Roel

11.- GRADUACIÓN INFANTIL

Música: Mozart (Gaudeamus Igitur)

Hoxe aquí reunidos
nun día feliz
porque rematamos
adios a infantil!!!!
Viva a nosa escola
e tamén as profesoras
pais e nais avós amigos
sempre estaredes comigo
que ben!!!!
vivan os recreos
e as excursións
moito aprendemos
máis xa son maior
Viva a nosa escola
e tamén as profesoras
pais e nais avós amigos
sempre estaredes comigo
que ben!!!!

12.- AS MANS

(Letra e música: Gloria M. Roel)

Coa miña man
Eu podo andar
Coa miña man
Sei saudar
Coa miña man eu fago amigos
Coa miña man,
Coa miña man.

Coas miñas mans
Eu sei voar
Coas miñas mans
Podo aplaudir
Coas miñas mans
Non teño frío
Coas miñas mans,
Coas miñas mans

Con este pé eu sei pisar
E cos dous pés vou camiñar
E a todos vós vou saudando
Coas miñas mans, coas miñas mans.